

De cámaras, ollos no corazón e poetas

“É imposible facer unha boa película sen unha cámara que sexa coma un ollo no corazón dun poeta” (Orson Welles)

Para o 1º ciclo

De profundis (Miguelanxo Prado)

Unha casa nunha illa no medio do mar no que unha muller toca o violoncello, agardando ao seu amado, un pintor namorado do mar...

Charlie y la fábrica de chocolate (Tim Burton)

Cada noite, antes de irse deitar Charlie ve dende a fiestra da súa habitación a gran fábrica de chocolate de Willy Wonka.

El bosque animado (José Luis Cuerda)

O bandido Fendetestas é un dos protagonistas desta película dirixida por

José Luis Cuerda e rodada en Galicia a partir da novela do mesmo nome do escritor coruñés Wenceslao Fernández Flore

Dersu Uzala (Akira Kurosawa)

O explorador, naturalista, cartógrafo e escritor ruso Vladímir Arséniev coñeceu a Dersu Uzala, un cazador da tribu dos hezhen, durante as súas expedicións pola taiga do Ussuri en Siberia. Posteriormente relatou as súas viaxes e a súa amizade con Dersu, quen lle ensinou a convivir en harmonía coa natureza, nun libro que foi levado ao cine polo famoso director Akira Kurosawa.

A lingua das bolboretas (José Luis Cuerda)

Moncho non sospeitaba que a súa incorporación á escola lle ía permitir coñecer a forma da lingua das bolboretas...

Manolito Gafotas (Miguel Albaladejo)

Miguel Albaladejo dirixiu no ano 1998 esta película baseada nas aventuras de Manolito Gafotas, o popular personaxe creado por Elvira Lindo.

Para o 2º ciclo

El caballero don Quijote (Manuel Gutiérrez Aragón)

Ninguén poderá evitar que don Alonso Quijano emprenda as súas aventuras acompañado do seu fiel escudeiro Sancho...

El perro del hortelano (Pilar Miró)

A condesa de Belflor, Diana, está namorada do seu secretario Teodoro; pero este xa está comprometido coa dama Marcela. Lope de Vega escribiu esta obra de teatro que levou ao cine Pilar Miró pouco antes de morrer.

Sleepy Hollow (Tim Burton)

En 1999 Tim Burton dirixiu esta película baseada en “A lenda de Sleepy Hollow”, o famoso conto de terror escrito en 1820 por Washington Irving.

O lapis do carpinteiro (Antón Reixa)


O músico, poeta e director vigués Antón Reixa dirixe esta película, baseada na novela homónima de Manuel Rivas, na que se nos conta a historia de amor do doutor Da Barca e Marisa, a súa noiva.

La clase (Laurent Cantent)

Laurent Cantent dirixiu esta película, cuxo título orixinal é Entre les murs. Baseada na novela do escritor e profesor François Bégaudeau, que se interpreta a si mesmo nela, cóntanos a súa experiencia nas aulas coma profesor de lingua.

Trece badaladas (Xavier Villaverde)

Xacobe volta a Santiago despois de quince anos de ausencia e de descubrir que súa nai non está morta, senón recluída nun hospital psiquiátrico. Xavier Villaverde levou ao cine esta historia baseada na novela do mesmo nome do escritor compostelán Suso de Toro.



Cine e Literatura para E. S. O.

